

  
FINALIDADE  
(TIPO DE ACTIVIDADE)

Teatro foro.



DURACIÓN

50'



MATERIAIS

Papel continuo.

Rotuladores.



OBXECTIVO

Analizar cales son os bens de primeira necesidade, como a falta dalgúns deles condiciona a vida da infancia e a adolescencia en situación de pobreza ou vulnerabilidade e propor solucións.

# “ESCENAS EN CONSTRUCCIÓN”

## Desenvolvemento

Entre todo o grupo lese o artigo 27 da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#) sobre o dereito a un nivel de vida axeitado.

- ➔ Art. 27 da CDN. “1. Os Estados Partes recoñecen o dereito de todo neno a un nivel de vida axeitado para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social”. “3. Os Estados Partes, de acordo coas condicións nacionais e con arranxo ós seus medios, adoptarán medidas axeitadas para axudar ós pais e a outras persoas responsables do neno a dar afectividade a este dereito e, en caso necesario, proporcionarán asistencia material e programas de apoio, particularmente con respecto á nutrición, o vestiario e a vivenda”.

Ligazón á [versión adaptada da CDN](#) para mozas e mozos de 13 a 18 anos. ([versión pdf](#)).

- ➔ Bens de primeira necesidade: alimentos, vestimenta, vivenda e subministracións enerxéticas.

2º. Fanse equipos de máximo 8 persoas e propónselles representar unha escena da vida cotiá con este inicio:

Inicio de escena:

- ➔ Unha nai ou un pai chamando a almorzar á súa familia...
- ➔ Dúas mozas planeando as súas vacacións...
- ➔ Dous mozos facendo un traballo do instituto no lugar onde viven...
- ➔ Unha moza e un mozo pensando como celebrar o seu aniversario...

Pódense facer tantas escenas como se queira tendo en conta o tempo dispoñible.

Pídese a unha voluntaria ou a un voluntario que inicie a escena. Non é necesario un guión con diálogos, pódese falar de xeito improvisado ou facendo mimo.

3º. O resto do equipo vaise incorporando á escena de xeito paulatino, sen interrupcións, tomando outros roles coma o de nai, pai, persoa educadora, outra moza ou mozo, etc., pero sempre achegando unha representación na que se evidencia unha situación de pobreza ou vulnerabilidade sobre os bens de primeira necesidade.

4º. Cando se acabe a representación, ben porque tódolos compoñentes do equipo que quixeran representar un rol xa teñan saído ou ben porque remate o tempo, ábrese un debate entre todas e todos para reflexionar sobre as situacións relacionadas con elementos, expresións e situacións de pobreza ou vulnerabilidade que saíran na escena e as observacións vanse anotando nun mural visible.

5º. Despois do debate/coloquio, vense cada unha das observacións anotadas no mural e apórtanse propostas para solucionar ou mellorar.

Nota: é importante que as propostas non sexan desexos, senón que sexan propostas concretas, é dicir, que non sexan algo como “que haxa máis comida” ou “que todo o mundo teña cartos para pagar a calefacción”, senón “que os alimentos teñan un tope de prezo ou se paguen segundo a renda” ou “que a calefacción teña un bono de pago para tódalas familias en situación de pobreza ou vulnerabilidade”

13 A 17  
ANOS



Bens de  
primeira  
necesidade

# “ESCENAS EN CONSTRUCCIÓN”

## PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

### Que viches/que sabes (observación)

- Que tipo de ben de primeira necesidade non pode faltar na vida dunha nena, neno ou adolescente para o seu pleno desenvolvemento?
- Que características ten a contorna das nenas, nenos e adolescentes que teñen máis difícil o acceso ós bens de primeira necesidade?

### Que pensas (opinión)

- Por que credes que hai nenas, nenos e adolescentes que non teñen cubertas as súas necesidades básicas materiais?
- Como credes que afecta a falta de bens de primeira necesidade ó desenvolvemento das nenas, nenos e adolescentes?

### Que propós (propostas)

- A quen credes que lle correspondería encargarse de que tódalas nenas, nenos e adolescentes teñan cubertas as súas necesidades materiais básicas?
- Como se podería conseguir que toda a infancia e adolescencia tivera acceso ós bens de primeira necesidade en igualdade de oportunidades?

## SUXESTIÓNS PARA A ACTIVIDADE

Pódese facer unha segunda representación na que se reflectan as propostas de mellora para ver se con ese cambio se modificaría a escena.

## LIGAZÓN AO FORMULARIO ENVORCADO DE CONCLUSIÓNS

13 A 17  
ANOS



Bens de  
primeira  
necesidade